



**ACTA Nº 9/2015
SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 25 DE XUÑO
DE 2015**

ORDE DO DÍA

- I.- ACTA ANTERIOR
- II.- COÑECEMENTO DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS
- III.- PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO E DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
- IV.- CREACIÓN, COMPOSICIÓN E FUNCIONAMENTO DAS COMISIÓNNS INFORMATIVAS PERMANENTES. ADSCRIPCIÓN DE CONCELLEIROS ÁS MESMAS
- V.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES NA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DO VAL MIÑOR
- VI.- DETERMINACIÓN DE CARGOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA OU PARCIAL. RETRIBUCIÓNNS, INDEMNIZACIÓNNS E ASISTENCIAS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN. NÚMERO, CARACTERÍSTICAS E RETRIBUCIÓNNS DO PERSOAL EVENTUAL
- VII.- COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNNS DO ALCALDE EN MATERIA DE NOMEAMENTOS DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, TENENTES DE ALCALDE E DELEGACIÓNNS DA ALCALDÍA

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

- PSOE:
 - D. Juan Antonio González Pérez

Concelleiros/as:

- D.^a Raquel Giráldez Armas
- D. Diego García Moreira
- D. Rubén Rial Sánchez
- D.^a Ana Pérez Pérez
- D. José Luis Sanromán Román
- D. Alfonso Vázquez Pérez

- PP:
 - D. Alberto Valverde Pérez
 - D. Alberto García Pazos
 - D. Modesto Martínez Sienes
 - D.^a Liliana Silva Pequeño
 - D.^a M.^a Carmen Alonso Macías Jorreto
 - D. Miguel Alonso Fernández

- NIGRÁN DECIDE:
 - D. José Cuevas Raposo
 - D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira

- UCNigrán:
 - D. Antonio Fernández Comesaña

- BNG:
 - D. Xavier Rodríguez Fernández

Interventor: D. Modesto Solla Sanz
 Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez.

Outros datos da sesión:

- *Data:* Xoves, 25 de xuño de 2015
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa Consistorial de Nigrán
- *Carácter da sesión:* extraordinaria.
- *Convocatoria:* primeira.
- *Hora de comezo:* 12:03
- *Hora de remate:* 14:15
- *Número legal de membros da Corporación:* 17.
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 17
- *Membros non asistentes:* Ningún.

Incidencias:

- a) Alteracións no quórum de asistencia: Non se producen.
- b) Outras incidencias: Non se recollen.

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trattaron os asuntos que seguidamente se describen:

I.- ACTA ANTERIOR

A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data: 13 de xuño de 2015

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión constitutiva da Corporación, distribuída coa convocatoria, e non producíndose intervencións respecto da mesma, declaráaa aprobada.

II.- COÑECIMENTO DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS

Relación de escritos presentados:

1. Con data 15 de xuño de 2015 (nº entrada 7.574) os sete Concelleiros elixidos polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE constitúense en grupo político municipal, co seguinte detalle:

Denominación

Compoñentes

Voceiro/as



PSOE	D. Juan Antonio González Pérez D. ^a Raquel Giráldez Armas D. Diego García Moreira D. Rubén Rial Sánchez D. ^a Ana Pérez Pérez D. José Luis Sanromán Román D. Alfonso Vázquez Pérez	Voceiro do grupo Voceira 2 ^a Voceiro 3º Voceiro 4º Voceira 5 ^a Voceiro 6º Voceiro 7º
------	---	--

2. Con data 16 de xuño de 2015 (nº entrada 7.671) os dous Concelleiros elixidos pola formación política NIGRÁN DECIDE-SON constitúense en grupo político municipal, co seguinte detalle:

Denominación	Compoñentes	Voceiro/as
NIGRÁN DECIDE	D. José Cuevas Raposo D. Anxo Daniel Mosquera Nogueira	Voceiro do grupo Voceiro 2º

3. Con data 17 de xuño de 2015 (nº entrada 7.698) os seis Concelleiros elixidos polo PARTIDO POPULAR constitúense en grupo político municipal, co seguinte detalle:

Denominación	Compoñentes	Voceiro/as
PP	D. Alberto Valverde Pérez D. Alberto García Pazos D. Modesto Martínez Sienes D. ^a Liliana Silva Pequeño D. ^a M. ^a Carmen Alonso Macías Jorreto D. Miguel Alonso Fernández	Voceiro do grupo Voceiro 2º Voceiro 3º Voceira 4 ^a Voceira 5 ^a Voceiro 6º

4. Con data 18 de xuño de 2015 (nº entrada 7.746) D. Xavier Rodríguez Fernández, único Concelleiro elixido polo BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, presenta escrito no que di que, ao abeiro da Lei de Bases de Réxime Local, comunica a constitución do GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, e a súa integración no mesmo, do que exercerá como Portavoz.

5. Con data 22 de xuño de 2015 (nº entrada 7.913) D. Antonio Fernández Comesaña, único Concelleiro elixido pola formación política UNIÓN CENTRISTA DE NIGRÁN (UCN) presenta escrito no que di:

...al objeto de dar cumplimiento a lo dispuesto en el artículo 24 del Real Decreto 2586/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de Organización Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales (ROF), así como en la Ley 7/85, de 2 de abril, de Bases de Régimen Local.

Dado que el Ayuntamiento de Nigrán no tiene aprobado un reglamento orgánico propio, hacemos especial hincapié en sentencias del Tribunal Constitucional, entre otras, del 21/12/89 Y 25/1/93, por lo que se establecen determinados criterios para su constitución, a saber:

- a) Los Grupos políticos municipales constituyen una manifestación de la aplicación práctica del derecho constitucional a acceder en condiciones de igualdad a las funciones y cargos públicos (art. 23.2 CE).
- b) Constituyen asociaciones de hecho de Concejales que comparten, total o parcialmente, ideología política o programa de actuación.
- c) Los Concejales tienen el derecho-deber de estar adscritos a un Grupo político.
- d) Estos tienen derecho a participar, mediante representantes, en los órganos complementarios de la Corporación.

Igualmente traemos a colación la Sentencia del Tribunal Supremo, de 15 de setiembre de 1995, en la que se pone de manifiesto que para la configuración del llamado grupo mixto, exige un acto de voluntad del Pleno de la Corporación a través de una norma de Organización, constituyendo una cuestión propia de regulación de los reglamentos propios de cada Corporación, que en el caso del Ayuntamiento de Nigrán no existe.

Por tal motivo comunicamos la constitución como grupo político municipal, con la siguiente denominación:

-GRUPO MUNICIPAL UNIÓN CENTRISTA DE NIGRÁN (UCN), actuando asimismo como portavoz del citado grupo municipal.


Lo que ponemos en su conocimiento para dar cuenta al Pleno de la Corporación en la primera sesión que celebre.

Deliberación. Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Da conta dos escritos presentados. Fai fincapé na pretensión de BNG e UCN de formar grupos independentes. Ata agora se integraban no grupo Mixto, dado que a lei galega indica que os grupos deben ter cando menos dous integrantes. Durante os últimos días mantiveron conversas sobre esta cuestión. Co fin de fomentar a participación, o goberno propón que se ampare esta iniciativa de constituirse en grupos independentes, tendo en conta tamén que se trata de formacións que ideoloxicamente non son próximas, con criterios diferentes en moitos temas.

D. Alberto Valverde Pérez (PP): Pregunta se isto supón que se modifiquen todos os demás expedientes que se traen a este Pleno. Aínda que sobre este punto non había proposta, está claro que nas propostas sobre os puntos seguintes se consideraba a UCN e BNG como grupo Mixto. O propio Alcalde reconoce que a Lei así o impón, e polo tanto que o acordo que se vai tomar é contrario á Lei. Pide a opinión do Secretario e do Interventor e que se aclare como afecta esta proposta ao informe do Interventor emitido no días de hoxe.

Sr. Secretario: O art. 74 Lei de Administración Local de Galicia contén unha determinación clara no sentido de que cando se obtén un único escano o Concelleiro correspondente intégrase no grupo Mixto. Iso pode levar a entender, a quien se atope nesa situación, que a súa formación está infra representada nas Comisións Informativas, xa que por aplicación do principio de proporcionalidade non participaría en todas elas. Pero tamén cabería a obxección contraria, ao entender que se unha formación cun só Concelleiro participa en todas as Comisións, estaría sobre representada en comparación coas que teñen mais. De todos os xeitos a Lei é clara. Considera que a decisión que se tome debe ser motivada, xustificando, no



seu caso, que do texto legal se pode extraer outra conclusión ou que hai unha norma prevalente que conduce á solución pretendida, e coa que non se prexudica nin o interese público nin o de terceiros.

Sr. Interventor: Coincide co indicado polo Secretario Xeral e aclara que no informe da Intervención emitido en relación co punto sexto da orde do día habería que engadir, en relación con esta proposta do Sr. Alcalde, un novo reparo derivado do incumprimento dunha norma legal preceptiva e vixente, como é a Lei de Administración Local de Galicia, que conleva un quebranto económico para o Concello con independencia de que se reaxusten ou non os importes a percibir polos grupos políticos e os seus integrantes e polas asistencias aos órganos colexiados.

D. José Cuevas Raposo (Nigrán Decide): Van apoiar a constitución dos grupos independentes porque favorece a participación, reflectindo a pluralidade cidadá representada na Corporación municipal.

D. Antonio Fernández Comesaña (UCN): A proposta do goberno parécelle razonable e confirma o compromiso adquirido polo Alcalde na investidura, de dar a maior participación a todos os grupos. Da modificación da Lei estatal en 2003 parece deducirse a desaparición dos grupos mixtos, ao contemplar so a figura dos non adscritos. No seu escrito cita sentenzas do Tribunal Constitucional, que van na liña de que todos os grupos deben estar representados na Corporación e participar nas Comisións Informativas. De aí a súa pretensión de constituírse en grupo independente. Apoiarán a proposta do goberno.

D. Xavier Rodríguez Fernández (BNG): A Lei de Bases do Régime Local non establece ningún número de integrantes para a formación de grupos. O problema radica en que a lei de Administración Local de Galicia require polo menos dous membros para formar grupo. Pero hai quien sostén que a modificación posterior da Lei de Bases do Régime Local eliminou as trabas existentes nese sentido. A cuestión é se se quere dar participación nas Comisións Informativas, que son as encargadas de preparar os asuntos quen ao Pleno, a todos os grupos políticos con representación no Concello. Que esta é unha cuestión de vontade política o confirma o feito de que outros Concellos se está permitindo a constitución deste tipo de grupos independentes. Así, no Concello de Redondela, onde se prevé un representante por grupo e voto ponderado. El o que aspira é a ser, como representante do BNG, membro das Comisións Informativas. E considera que, en aras a maior participación, isto se debería favorecer. E podería conseguirse, ben mediante grupos independentes, ben mediante o voto ponderado nas Comisións informativas, participando dous membros por cada grupo. Esta última proposta ten previsto presentala no punto relativo ás Comisións Informativas, se non se acepta a constitución dos grupos independentes.

Sr. Valverde Pérez: O Pleno debe aterse á Lei. Neste caso a lei 5/1997 indica claramente que a constitución en grupo require ter máis dun integrante e neste caso non se cumpliría. Todos estamos de acordo con favorecer a participación e neste sentido pode buscarse unha solución, que ademais de cumplir a lei, potencie a participación de todos os partidos que obtiveron representación. Así, poderíase constituir o grupo mixto e permitir que nas Comisións Informativas participe un membro máis do grupo mixto como oínte, e sen cobrar asistencia. Isto coincide co que a formación Nigrán Decide lle propuña ao goberno. Con isto resolveríase a cuestión da participación, a non ser que o que se busque é a compensación económica. Polo

tanto, a proposta do grupo Popular é que se manteña o grupo Mixto, e que poidan participar os dous membros nas Comisións Informativas, un deles como oínte e sen percibir indemnización.

Sr. Alcalde-Presidente: A proposta do partido Popular someterase á votación. A vontade política do goberno é dar a máxima participación, e que todos estean presentes nas decisións que se van tomar no Concello. Cantas más voces haxa, moito mellor para os veciños. Gustaríalle que isto fose aprobado por unanimidade. Isto sen prexuízo de que quen queira asistir ás Comisións, con voz e sen voto poida facelo sempre.

Sr. Fernández Comesaña: En relación co que propón o partido Popular, a cuestión non é só económica, senón que non é o mesmo asistir que ter capacidade de decisión. Hai sentenzas, coma a do Tribunal Supremo de 1995, que indican que a configuración do grupo Mixto debería ser un acto de vontade do Pleno da Corporación; e tamén que debería existir un Regulamento orgánico, do que aquí carecemos. Reitera que a participación nas Comisións de todas as formacións que obtiveron representación nas eleccións no prexudica, senón que favorece que todos poidan participar nos asuntos relevantes do Concello.

Sr. Cuevas Raposo: Fixéronlle ao PSOE unhas propostas nas que se incluía a posibilidade de que un membro adicional de cada grupo puidese asistir ás Comisións como oínte e sen indemnización. Era unha proposta de mínimos. Por iso apoian a constitución deses dous grupos, porque non vai en contra dela. Agradece ao partido Popular que a asuma.

Sr. Rodríguez Fernández: El non quere favores, senón ser membro das Comisións con todos os dereitos, incluído o derecho a voto, ben a través da constitución de grupos independentes, ou, se isto non prospera, mediante a participación de dous membros por grupo, e voto ponderado.

Sr. Valverde Pérez: A representación no Concello das distintas opcións políticas decidírona os electores. O que agora se acorde neste punto afectará ás propostas da Alcaldía sobre outros asuntos da orde do día, como é o caso da composición das Comisións e a proporcionalidade na súa composición, que será difícil de acadar se estas se integran cun número razonable de membros. A cuestión é simplemente cumplir a normativa. Ante un posible recurso de reposición cabería que se viñese abaixo a constitución dos grupos, cando hai fórmulas que permiten combinar a participación e o cumprimento da lei. Votar en contra do que di a Lei non é vontade política.

Sr. Rodríguez Fernández: De cara ás Comisións, a súa proposta é de dous membros por grupo, no caso de que se constitúa o grupo Mixto, e voto ponderado. Se se constitúen como grupos independentes, podería ser un so membro por grupo e voto ponderado, coma en Redondela. E como alternativa, unha composición de 2,2,1,1,1 ou ben 3,3,1,1,1 (PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG, respectivamente). Non quere que ningúén se sinta prexudicado.

Sr. Valverde Pérez: A cuestión é que aquí non se sabe o que se vai decidir, porque non hai unha proposta concreta.

Votacións e acordos:



A) Proposta do grupo Popular de que se manteña o grupo Mixto, e que os dous membros do mesmo poidan participar nas Comisións Informativas, un deles como cínte e sen percibir indemnización.

Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 6; PP.
- Votos en contra: 11; PSOE, Nigrán Decide, Sr. Fernández Comesaña (UCN) e Sr. Rodríguez Fernández (BNG).
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda rexeitar a proposta do grupo Popular.

B) Proposta da Alcaldía: Permitir que, ademais do PSOE, PP e Nigrán Decide, tamén se constitúan como grupos políticos independentes UCNigrán e BNG.

Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 11; PSOE, Nigrán Decide, Sr. Fernández Comesaña (UCNigrán) e Sr. Rodríguez Fernández (BNG).
- Votos en contra: 6; PP.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a proposta da Alcaldía.

III.- PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO E DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Expte: 2015/025S

Proposta da Alcaldía

A) SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO DO CONCELLO

Marco normativo.

O art. 78 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Régime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986, establece que son sesiões ordinarias aquelas con periodicidade pre establecida. Esta periodicidade será fixada por acordo do propio Pleno adoptado en sesión extraordinaria, que convocará o Alcalde dentro dos trinta días seguintes ó da sesión constitutiva da Corporación.

Pola súa parte o art. 47 do Real Decreto Lexislativo nº. 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido do Régime Local, determina que as Corporacións locais poderán establecer elas mesmas o seu régime de sesiões e que os días das reunións ordinarias serán fixados previamente por acordo da Corporación.

O art. 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na redacción que lle deu a Lei 11/1999, do 21 de abril, establece que o Pleno celebra sesión ordinaria como mínimo cada dous meses nos municipios cunha poboación entre 5.001 e 20.000 habitantes.

Proposta.

Establecer o seguinte réxime de celebración das sesións ordinarias:

- Periodicidade mensual, excepto o mes de agosto, no que non se celebrará sesión ordinaria.
- Días: O último xoves de cada mes. No mes de decembro celebrarase o xoves da semana anterior á de Nadal.
- Hora: As 20,00 horas.

Con carácter xeral cando o día inicialmente previsto coincida en festivo adiantarase ao día hábil inmediato anterior. Excepcionalmente, mediante resolución motivada e previa consulta cos portavoces dos distintos grupos, a presidencia poderá convocar a correspondente sesión ordinaria para data distinta da agora establecida, sen que en ningún caso poida anticiparse ou demorarse a súa celebración en máis de sete días naturais respecto da data prevista.

B) SESIÓNS ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Marco normativo.

O art. 112 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986, establece que se o regulamento orgánico non prevé outra cousa a Xunta de Goberno local de Goberno celebrará sesión ordinaria cada 15 días como mínimo. Pola súa parte, o art. 211 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, determina que a Comisión de Goberno para exercer as súas competencias resolutorias terá sesións ordinarias coa periodicidade determinada polo Pleno da Corporación, e para o ejercicio das súas funcións de asistencia, reunirase cando o presidente da Corporación o determine. Correspónelle ó Alcalde fixar, mediante Decreto o día e hora en que deba celebrarse sesión ordinaria, segundo o previsto no mencionado art. 112 do Regulamento de Organización.

Proposta.

A Xunta de Goberno local celebrará as súas sesións ordinarias, no caso de que existan asuntos para someter á súa consideración, con periodicidade semanal, nos días e horas que determine a Alcaldía.

Deliberación.- Intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: A proposta é manter a situación actual, tanto a do Pleno como a da Xunta de Goberno.



D. Alberto Valverde Pérez (PP): Mantense o réxime ata agora vixente. Chócale que o PSOE no anterior pleno de organización pedise limitar o número máximo de Xuntas mensuais retribuídas e agora non se fale diso. Non sabe se esa será súa intención. Absteranse porque pensan, no relativo ao horarios dos Plenos, que a xente tamén pode participar en horario de mañá.

D. José Cuevas Raposo (Nigrán Decide): No apartado B, que se refire ás sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local, propoñen como emenda engadirlle un segundo parágrafo á proposta da Alcaldía que diga: *Comunicarase aos voceiros dos grupos municipais a convocatoria das Sesións das Xuntas de Goberno, para que poida asistir un membro do grupo con voz e sen voto, no caso de desexalo, previa solicitude ou comunicación ao Alcalde.* No demás están de acordo, incluída a celebración dos plenos pola tarde, que xa fora unha iniciativa deles.

D. Antonio Fernández Comesaña (UCN): O cambio dos Plenos para a tarde foi proposta polo seu grupo, atendendo a unha iniciativa do Sr. Cuevas. Con iso favorécese a posibilidade de participación do público asistente. A emenda de Nigrán Decide parécelle interesante e apoiarana.

D. Xavier Rodríguez Fernández (BNG): Apoiará a proposta, aínda que pensa que, no referido horario dos Plenos, o decisivo é accesibilidade da poboación ao seu contido en calquera momento. Nese sentido presentou unha emenda, que foi aprobada, para impulsar o acceso aos plenos a través de web municipal. Pídelle ao goberno que se leve a efecto esa iniciativa. Votará a favor da proposta. Tamén está de acordo con que se limite a catro ao mes o número máximo de asignacións que poden percibir os Concelleiros por asistir ás Xuntas de Goberno Local.

D. Alberto Valverde Pérez (PP): Aclara que no mandato anterior xa se incluíron na páxina web do Concello as sesións plenarias.

Sr. Alcalde-Presidente: Non teñen inconveniente en aceptar a proposta de Nigrán Decide. Tamén están conformes coa limitación no cobro de asistencias á Xunta de Goberno.

Votación e acordo:

Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 11; PSOE, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 6; PP.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar as propostas da Alcaldía sobre a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno do Concello e da Xunta de Goberno Local, asumindo, no caso das Xuntas de Goberno Local que se comunicará aos voceiros dos grupos municipais a convocatoria das Sesións das Xuntas de Goberno, para que poida asistir un membro do grupo con voz e sen voto, no caso de desexalo, previa solicitude ou comunicación ao Alcalde.

IV.- CREACIÓN, COMPOSICIÓN E FUNCIONAMENTO DAS COMISIÓNIS INFORMATIVAS PERMANENTES. ADSERCIÓN DE CONCELLEIROS ÁS MESMAS

Expte: 2015/025S

Proposta da Alcaldía

Marco normativo

O art. 125 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986, establece que no acordo de creación das Comisiónis Informativas determinarase a composición concreta das mesmas, tendo en conta as seguintes regras:


- a) O Alcalde é o Presidente nato de todas elas; sen embargo, a presidencia efectiva poderá delegala en calquera membro da Corporación, á proposta da propia Comisión, tra-la correspondente elección efectuada no seu seo.
- b) Cada Comisión estará integrada de forma que a súa composición se acomode á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados na Corporación.
- c) A adscripción concreta a cada Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do Voceiro do mesmo dirixido ó Alcalde, do que se dará conta ó Pleno. Poderá designarse, de igual forma, un suplente por cada titular.

Por outra parte o art. 127 do citado Regulamento determina o seguinte:

1. A Comisión Especial de Contas é de existencia preceptiva, segundo dispón o art. 116 de la Lei 7/1985, do 2 de abril, e a súa constitución, composición, integración e funcionamento axústase ó establecido para as demais Comisiónis Informativas.
2. Corresponde á Comisión Especial de Contas o exame, estudio e informe de tódalas contas, presupostarias e extrapresupostarias, que deba aprobar o Pleno da Corporación, de conformidade co establecido na lexislación reguladora da contabilidade das Entidades Locais.
3. Ben sexa a través do Regulamento Orgánico ou mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación, a Comisión Especial de Contas poderá actuar como Comisión Informativa permanente para os asuntos relativos á economía e facenda da Entidade.

O art. 134 do repetido Regulamento de Organización dispón que as Comisiónis Informativas celebrarán sesións ordinarias coa periodicidade que acorde o Pleno no momento de constituíllas, nos días e horas que estableza o Alcalde, ou o seu respectivo Presidente.

Proposta.



A.- CREACIÓN

Propónese a creación das seguintes Comisións informativas permanentes:

- 1.- **Comisión Especial de Contas**, que actuará tamén como Comisión Informativa permanente para os asuntos relativos á economía e á facenda municipal.
- 2.- **Comisión de Urbanismo**, que se ocupará dos asuntos relativos ó planeamento, xestión e disciplina urbanística, e demais cuestións relativas ó Réxime do Solo e a Ordenación Urbana.
- 3.- **Comisión de Asuntos Xerais**, que dictaminará as cuestións que non correspondan ó ámbito das demais Comisións.

B.- COMPOSICIÓN

As Comisións informativas, presididas polo Alcalde, e na súa ausencia polo tenente de alcalde, estarán integradas, ademais, por oito Concelleiros, distribuídos da seguinte forma:

<u>Grupo político</u>	<u>Nº. Membros</u>
Grupo PSOE	3
Grupo PP	3
Grupo Nigrán Decide	1
Grupo Mixto	1

C.- FUNCIONAMIENTO

Sesións Ordinarias.- As Comisións Informativas celebrarán as sesións ordinarias con idéntica periodicidade á establecida para as sesións ordinarias do Pleno do Concello e coa antelación suficiente para que os asuntos dictaminados polas comisións poidan incluirse na Orde do Día das referidas sesións plenarias.

- A Comisión ordinaria Especial de Contas celebrará as sesións ordinarias con oito días naturais de antelación á celebración do pleno ordinario ás 13:30 horas.
- A Comisión ordinaria de Urbanismo celebrará as sesións ordinarias con sete días naturais de antelación á celebración do pleno ordinario ás 13:00 horas.
- A Comisión ordinaria de Asuntos Xerais celebrará as sesións ordinarias con sete días naturais de antelación á celebración do pleno ordinario ás 13:30 horas.

No caso de que polos asuntos a tratar no correspondente pleno ordinario non fora necesario convocar no mesmo día as Comisións de Urbanismo e de Asuntos Xerais, a sesión ordinaria da única comisión informativa a celebrar convocaríase ás 13:30 horas.

D.- ADSCRIPCIÓN DE CONCELLEIROS ÁS COMISIÓNNS

Corresponde a cada grupo sinalar de entre os seus membros aos que deban formar parte das respectivas Comisións Informativas.

Deliberación. Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Propóñense as mesmas Comisións que as ata agora existentes. No que se refire á composición hai un cambio na proposta, derivada do recoñecemento dos grupos dun so membro. Neste sentido pasarían a ser de 7 membros, máis o Alcalde, distribuídos da seguinte forma: 2 do PSOE, 2 do PP, 1 de Nigrán decide, 1 do BNG e 1 de UCN. Canta mais transparencia e participación, mellor. O seu funcionamento manterase coma ata agora. Invita aos grupos a que despois do acordo, fagan chegar a designación dos seus Concelleiros adscritos.

D. Alberto Valverde Pérez (PP): Pásase por enriba da representatividade e de todo tipo de dereitos que poidan ter os grupos. Algúns estarán representados nunha proporción do 100 por 100 mentres que outros quedan moi lonxe diso. Non cabe que se sacrificen os dereitos dos maioritarios en beneficio doutros grupos. O grupo Popular quere defender os seus dereitos, que son os dos veciños aos que representan. E iso non quere dicir que non se poidan utilizar outras fórmulas para favorecer a participación. Non votarán a favor desta proposta, que é moi distinta da inicial.

D. José Cuevas Raposo (Nigrán Decide): Pide que este epígrafe se denomine adscrición de Concelleiros e Concelleiras, ou membros da Corporación, e que iso se faga extensivo a todos os puntos. Dálle lectura á emenda que presenta por escrito:

No apartado A- CREACIÓN engadir a final da proposta o seguinte texto:

"Propónse a creación das seguinte Comisión informativa especial:

Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións, que supervisará a actividade da Administración municipal, e deberá dar conta ao Pleno, mediante un informe anual, das queixas presentadas e das deficiencias observadas no funcionamento dos servizos municipais.

Tamén ditaminará cuestións relativas á Participación da cidadanía, Transparencia e información á veciñanza."

No apartado B.- COMPOSICIÓN sustituir o texto da proposta polo seguinte:

As Comisións informativas, presididas polo Alcalde, ou membro da corporación no que delegue, estarán integradas, ademais, por sete Concelleiros, distribuídos da seguinte forma:

Grupo político	Nº. Membros
Grupo Socialista	2
Grupo Popular	2
Grupo Nigrán Decide	1
Grupo UCN	1



Grupo BNG

1

No apartado C.- FUNCIONAMENTO engadir a final da proposta o seguinte texto:

"A Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións celebrará sesións ordinarias con nove días naturais de antelación á celebración do pleno ordinario ás 13:30 horas. A todas as Comisións Informativas Permanentes ou Especiais poderán asistir calquera membro da Corporación Municipal que non forme parte da mesma sen dereito a indemnización con voz e sen voto"

--

A creación dun servizo de tramitación de queixas tamén formaba parte do programa do PSOE. No art. 20 da Lei de Bases do Réxime Local faise mención a esta Comisión, que existe nos municipios de gran poboación e que tamén poden incorporar os demais, se así o acordan por maioría absoluta ou o contempla o seu Regulamento Orgánico. Isto servirá tamén para que o PSOE cumpra coa promesa de crear a figura do defensor do ciudadán, cuxas funcións podería desempeñar colexiadamente esta Comisión. Unha das propostas que o seu grupo fixo ao PSOE xa contemplaba a creación desta Comisión, que funcionará sen supoñer un aumento de gasto, para o que proporán que a asistencia non dea lugar a indemnización. Tamén contemplan que a delegación do Alcalde poida recaer en calquera membro da Corporación, e non só no Tenente de Alcalde. Renuncian á proporcionalidade que lle corresponde, ainda que non en tanta medida coma o PSOE ou o PP. Tamén aceptarían a configuración cun membro de cada grupo e voto ponderado. Esta Comisión noutros Concellos reúñese unha vez ao ano ou cada catro meses. En calquera caso as reunións serían moi poucas.

D. Antonio Fernández Comesaña (UCNigrán): Parécelle razonable a nova proposta do goberno sobre as Comisións que contempla a presenza nelas da cada un dos grupos. A emenda que se presenta amplía a posibilidade de que o Alcalde delegue en calquera membro da Corporación, o que lle parece razonable. Sobre a Comisión especial de Suxestións e Reclamacións está prevista legalmente, en determinadas condicións. Pode servir para mellorar aspectos do funcionamento da Administración. Podería reunirse unha ou dúas veces ao ano.

D. Xavier Rodríguez Fernández (BNG): Parécelle oportuna a creación da Comisión de Suxestións e Reclamacións e tamén que non se cobre por asistencia. Por iso apoiarán a proposta. Pensa que a mellor forma de compoñer as Comisións é a de designar un representante por grupo político, con voto ponderado. Así a proporcionalidade é perfecta, ainda que limita os dereitos económicos dalgúns. De non facerse así está aberto a outras posibilidades, coma a de dous representantes para os grupos do PSOE e do PP, ou incluso tres, porque xa hai un esforzo para que os demais tamén formen parte delas.

D. Alberto Valverde Pérez (PP): Estase improvisando á falta dunha proposta concreta. En puntos anteriores, nin sequera se levantaron os reparos da Intervención. Estase votando sen ter en conta nin eses reparos nin o informe xurídico, polo que entende que se está tomando á lixeira o funcionamento formal do Pleno. O que se constitúan eses grupos independentes suporalle ao Concello un gasto adicional de máis dun millón das antigas pesetas, tendo en conta a previsión de que van cobrar 400 euros fixos, mais outra parte variable. Máis alá das cuestións políticas, as cuestións legais son fundamentais. De momento non se tomou ningún acordo baixo o parámetro da legalidade. No que se refire á composición das Comisións o grupo Popular asume a proposta do BNG dun representante por grupo en cada Comisión, e voto ponderado, para que se vexa que non é un tema económico. Desa maneira o seu grupo ten

garantidos os seus dereitos de representatividade e proporcionalidade. Esa é a súa proposta, ou que se deixe sobre a Mesa e analicemos cal é a mellor distribución.

Sr. Alcalde-Presidente: Pensa que é positivo que no Pleno haxa xeración de ideas. O propio grupo Popular acaba de aportar as súas. O grupo do goberno, o que quere con esta proposta é compartir. E xa o fixo na lexislatura anterior cando cedeu un representante na mancomunidade do Miñor ao BNG. No haberá quebranto económico. Pensa que a proposta de dar entrada a un grupo mais, en lugar do grupo Mixto, é acertada.

Sr. Valverde Pérez: Pregunta se se van cobrar ou non 400 euros fixos por grupo.

Sr. Alcalde-Presidente: Vaise cambiar.

Sr. Valverde Pérez: Entón tráese un expediente que non vale para nada. Cun informe de Intervención, que eles descoñecen e supostamente con reparos, e unhas propostas que se van cambiando. Máis alá da improvisación, estas decisións teñen un carácter económico e deben estar referendadas por informes económicos.

Sr. Cuevas Raposo: O seu grupo non vai apoiar ningunha proposta que supoña aumento de gasto no goberno de Nigrán. Se isto o supuxera, presentarían unha nova proposta para corrixilo.

Sr. Fernández Comesaña: Sobre o apartado D) deste punto, relativo á adscrición dos Concelleiros ás Comisións, é evidente que os grupos que teñen un so compoñente ese será o representante nelas. Os cidadáns rexitaron unha maioría absoluta e iso implica que un goberno en minoría ten que traer os temas abertos ao Pleno. Isto é positivo e non vai en contra da lei.

Sr. Rodríguez Fernández: Insiste en que está aberto ás alternativas na composición das Comisións, recoñecendo o esforzo feito polos grupos maioritarios. Unha certa improvisación non é necesariamente mala, pero hai aspectos que poderían estar regulados xa. Por iso non sería mala idea pensar na redacción dun Regulamento Orgánico.

Sr. Valverde Pérez: Manteñen a proposta do voto ponderado.

Sr. Alcalde-Presidente: Empezarase votando a emenda de Nigrán Decide, sobre a creación da Comisión especial de Suxestións e Reclamacións.

Sr. Cuevas Raposo: Retiran o apartado B) da súa emenda, salvo o primeiro parágrafo sobre a delegación do Alcalde, que o manteñen.

Sr. Alcalde-Presidente: O Interventor indícale que manter ese parágrafo e repetir o mesmo que xa se está facendo.

Sr. Valverde Pérez: Entende que o Interventor estase referindo a que segundo en quen se delegue, se ten ou non dedicación, haberá, ou non, repercusión económica.

Sr. García Pazos: Non sería necesario ese parágrafo porque se refire a unha facultade que o



Alcalde ten recoñecida legalmente. Ademais xa se dixo que a asistencia non xera retribución.

Sr. Alcalde-Presidente: Sométese á votación a emenda de Nigrán Decide, sen o apartado B).

Votación e acordo sobre a emenda presentada por Nigrán Decide, excluído o seu apartado B). Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, que representa a maioría absoluta legal, o Pleno do Concello acorda aprobar a emenda nos seus apartados A) e C).

Votación e acordo sobre a emenda do partido Popular, referida a que as Comisións Informativas estarán integradas por un representante de cada grupo político, con voto ponderado, en función do número de membros que o respectivo grupo teña no Pleno.

Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 10; PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 7; PSOE.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar a emenda do grupo Popular.

Votación e acuerdo sobre o asunto. Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, que representa a maioría absoluta legal, o Pleno do Concello adopta o seguinte acordo sobre a creación, composición e funcionamento das Comisións Informativas:

A.- CREACIÓN

Créanse as seguintes Comisións informativas permanentes:

1.- **Comisión Especial de Contas**, que actuará tamén como Comisión Informativa permanente para os asuntos relativos á economía e á facenda municipal.

2.- Comisión de Urbanismo, que se ocupará dos asuntos relativos ó planeamento, xestión e disciplina urbanística, e demais cuestiósas relativas ó Réxime do Solo e a Ordenación Urbana.

3.- Comisión de Asuntos Xerais, que dictaminará as cuestiósas que non correspondan ó ámbito das demais Comisiósas.

4.- Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións, que supervisará a actividade da Administración municipal, e deberá dar conta ao Pleno, mediante un informe anual, das queixas presentadas e das deficiencias observadas no funcionamento dos servizos municipais.

Tamén ditaminará cuestiósas relativas á Participación da cidadanía, Transparencia e información á veciñanza

B.- COMPOSICIÓN

As Comisiósas Informativas estarán integradas por un representante de cada grupo político, con voto ponderado, en función do número de membros que o respectivo grupo teña no Pleno.

C.- FUNCIONAMENTO

Sesiósas Ordinarias.- As Comisiósas Informativas celebrarán as sesiósas ordinarias con idéntica periodicidade á establecida para as sesiósas ordinarias do Pleno do Concello e coa antelación suficiente para que os asuntos dictaminados polas comisiósas poidan incluírse na Orde do Día das referidas sesiósas plenarias.

- A *Comisión ordinaria Especial de Contas* celebrará as sesiósas ordinarias con oito días naturais de antelación á celebración do pleno ordinario ás 13:30 horas.

- A *Comisión ordinaria de Urbanismo* celebrará as sesiósas ordinarias con sete días naturais de antelación á celebración do pleno ordinario ás 13:00 horas.

- A *Comisión ordinaria de Asuntos Xerais* celebrará as sesiósas ordinarias con sete días naturais de antelación á celebración do pleno ordinario ás 13:30 horas.

No caso de que polos asuntos a tratar no correspondente pleno ordinario non fora necesario convocar no mesmo día as Comisiósas de Urbanismo e de Asuntos Xerais, a sesión ordinaria da única comisión informativa a celebrar convocáise ás 13:30 horas.

- A *Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións* celebrará sesiósas ordinarias con nove días naturais de antelación á celebración do pleno ordinario, ás 13:30 horas.

A todas as Comisiósas Informativas Permanentes ou Especiais poderá asistir calquera membro da Corporación Municipal que non forme parte da mesma sen dereito a



indemnización con voz e sen voto.

D.- ADSCRIPCIÓN DE CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS ÁS COMISIÓNNS

Corresponde a cada grupo sinalar de entre os seus membros aos que deban formar parte das respectivas Comisións Informativas.

V.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES NA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DO VAL MIÑOR

Expte: 2015/025S

Proposta da Alcaldía

Os Estatutos da Mancomunidade de Municipios do Val Miñor aprobados polo Pleno do Concello na sesión do 18 de decembro de 1992, establecen, no seu Artícuo 9, o seguinte:

Xunta da Mancomunidade: É o órgano supremo de goberno e administración da Mancomunidade, á que personifica co carácter de Corporación de dereito público.

Cada Municipio estará representado na Xunta da Mancomunidade polo seu Alcalde, con carácter nato, e ademais, por catro Concelleiros, designados polo Pleno de cada Concello entre os seus membros.

Os Concelleiros representantes dos Concellos na Xunta da Mancomunidade cesarán no seu mandato pola perda da súa condición representativa ou cando sexan substituídos, polo Concello ó que representen.

Constituída Corporación municipal tralas eleccións locais do 24 de maio procede nomear novos representantes na citada entidade, polo que se propón ó Pleno que adopte o seguinte **ACORDO:**

Que o Concello de Nigrán estea representado na Xunta da Mancomunidade do Val Miñor polo Alcalde e por catro Concelleiros, propostos polos respectivos grupos, do seguinte xeito:

<u>Grupo político</u>	
Grupo PSOE	1
Grupo PP	1
Grupo Nigrán Decide	1
Grupo Mixto	1

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: O Concello de Nigrán ten catro representantes na Mancomunidade, ademais do Alcalde. Proporcionalmente ao partido Socialista corresponderíanlle dous e ao partido Popular os outros dous. Pero gustaríalles que cantas máis voces de representantes dos veciños de Nigrán se escoiten alí, mellor. Por iso propoñen 1 representante do PSOE, 1 do PP, 1 de Nigrán Decide, 1 a designar entre o BNG e UCN.

D. Antonio Fernández Comesaña (UCN): Agradecen ao goberno a xenerosidade que reflicte a proposta. UCN e BNG repartiranse o tempo, a razón de dous anos cada un. No primeiro período será el, por UCN, e o resto do tempo o BNG.

D. Alberto Valverde Pérez (PP): Tamén hai xenerosidade por parte do PP ao ceder parte da súa representación. Por outra parte, é más fácil ser xenerosos cando iso non supón perda económica, como é o caso.

D. Xavier Rodríguez Fernández (BNG): Recoñece a xenerosidade do partido Socialista, como xa fixera na anterior lexislatura, e tamén a do partido Popular. UCN e BNG acordan que os dous primeiros anos estea o representante de UCN e os dous últimos anos o do BNG.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; PSOE, PP, Nigrán Decide, UCN e BNG.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda:

Primeiro. Que o Concello de Nigrán estea representado na Xunta da Mancomunidade do Val Miñor polo Alcalde e por catro Concelleiros, propostos polos respectivos grupos, do seguinte xeito:

Grupo político

Grupo PSOE	1
Grupo PP	1
Grupo Nigrán Decide	1
Grupo UCN	1

Segundo. A vista das propostas formuladas neste acto polos respectivos grupos municipais, designanse como representantes do Concello de Nigrán na Xunta da Mancomunidade, ademais do Sr. Alcalde-Presidente, aos seguintes Concelleiros:

- D. Rubén Rial Sánchez (PSOE)
- D.^a Liliana Silva Pequeño (PP)
- D. José Cuevas Raposo (Nigrán Decide)
- D. Antonio Fernández Comesaña (UCN)

VI.- DETERMINACIÓN DE CARGOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA OU PARCIAL.



RETRIBUCIÓNS, INDEMNIZACIÓN S E ASISTENCIAS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN. NÚMERO, CARACTERÍSTICAS E RETRIBUCIÓN S DO PERSOAL EVENTUAL

Proposta da Alcaldía.

A Alcaldía propón ao Pleno que aprobe o seguinte:

A) DETERMINACIÓN E RETRIBUCIÓN S DE CARGOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA OU PARCIAL

A.1. Dedicacións exclusivas.

1. Titular da Concellería Delegada de *Facenda, Contratación e Desenvolvemento Local*. Retribución íntegra anual: 33.000 euros.
2. Titular da Concellería Delegada de *Urbanismo, Mobilidade, Medio Ambiente e Persoa l*. Retribución íntegra anual: 33.000 euros.
3. Titular da Concellería Delegada de *Vías e Obras, Servizos Urbáns e Seguridade*. Retribución íntegra anual: 33.000 euros.

A.2. Dedicacións parciais.

Non se contemplan.

A.3. Réxime.

As referidas retribucións anuais distribuiranse en catorce mensualidades iguais, doce ordinarias e dúas extraordinarias nos meses de xuño e decembro.

A dedicación exclusiva implica unha dedicación preferente á xestión municipal, con un equivalente de horas anuais ás que dedican os funcionarios do Concello.

Os membros da Corporación con dedicación exclusiva cotizarán á Seguridade Social pola xornada completa.

Estes corporativos terán dereito a percibir as indemnizacións por razón do servizo, pero non percibirán indemnización por asistencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados do Concello de Nigrán.

B) INDEMNIZACIÓN S, ASISTENCIAS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN E ASIGNACIÓN AOS GRUPOS

B.1. Indemnizacións.

Aplicarase o réxime previsto no Real Decreto 462/2002 do 24 de maio, e as contías corresponde ao grupo 2.

B.2. Asistencias

Por asistencia efectiva a cada unha das sesións ou reunións deliberantes que celebren os órganos colexiados do Concello, os Concelleiros que non teñan dedicación exclusiva ou parcial, percibirán as seguintes cantidades:

- Plenos do Concello.....250 euros.
- Xunta de Goberno Local...150 euros.
- Comisións Informativas....125 euros.

B.3. Asignación para os grupos políticos.

De acordo co establecido no artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, asígnase unha dotación económica aos grupos políticos municipais, que se librará mensualmente, nos seguintes termos e contías:

- Unha parte fixa por importe de 400 euros/mes para cada un dos grupos políticos municipais.
- Unha componente variable, en función do número de membros de cada grupo, por importe de 20 euros/mes por cada concelleiro do respectivo grupo.

Esta asignación non se pode destinar ao aboamento de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación, nin á merca de bens que poidan constituir activos fixos de carácter patrimonial.


Os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica desta dotación, que porán a disposición do Pleno da Corporación sempre que éste o pida.

C) NÚMERO, CARACTERÍSTICAS E RETRIBUCIÓN DO PERSOAL EVENTUAL

Os postos de traballo a desempeñar por persoal eventual de confianza serán os seguintes, coas características e retribucións que asimesmo se indican:

1. Secretaría da Alcaldía. Xornada completa. Retribución íntegra anual de 24.000 euros.
2. Responsable do departamento de comunicación. Xornada parcial. Retribución íntegra anual de 12.000 euros.

Estas retribucións distribuiranse en 14 mensualidades iguais, 12 ordinarias e 2



extraordinarias nos meses de xuño e decembro.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Anuncia certos cambios na proposta. As cantidades previstas para as dedicacións exclusivas van axustalas ás dispoñibilidades derivadas da situación precedente. Deste xeito a titular da Concellería Delegada de Facenda, Contratación e Desenvolvemento Local percibirá 31.780 euros que supón 3 veces e media o salario mínimo interprofesional. O mesmo percibirán o titular da Concellería Delegada de Urbanismo, Mobilidade, Medio Ambiente e Persoal e o titular da Concellería Delegada de Vías e Obras, Servizos Urbanos e Seguridade, é dicir, 31.780 euros ao ano cada un deles. Báixase así a cantidade global e a individual que se percibía no mandato anterior. Non se contemplan dedicacións parciais. Mantéñense as contías anteriores por asistencias. Nas asignacións aos grupos políticos proponse reducir a fixa de 400 euros ao mes a 200 euros ao mes, para evitar que coa nova constitución dos grupos se aumente o gasto; e establecer 50 euros adicionais por cada Concelleiro do grupo. Tamén manteñen a situación anterior no que se refire ao persoal eventual.

D. Alberto Valverde Pérez (PP): Supón que alguén lle advertiu que coa proposta inicial se estaba poñendo en perigo un posible pacto de goberno cun partido que puxo como condición, que non se aumentase o gasto en relación coa situación anterior. O que lle preocupa realmente é o papel do Alcalde, más alá da súa retribución económica que parece que pretende obtela na Deputación, e tamén se vai seguir ou non coa súa actividade privada. Non se sabe se vai estar ou non á fronte das súas responsabilidades na Alcaldía. Hai catro anos incidíase na necesidade de contar con informes de respaldo e agora aquí bótanse en falta. A modificación nas asignacións aos grupos ven a compensar dalgunha maneira o que se comentou antes. O que lle chama a atención é o segundo posto de confianza que se mantén, concretamente o de responsable de comunicación, porque foi obxecto de duras críticas polo grupo Socialista no mandato anterior, incluso con alusións pexorativas dirixidas á persoa que ocupaba este posto, á que se lle puido fazer dano. Na política non debe valer todo e ás persoas hai que respectalas e tamén o traballo que fan.

D. José Cuevas Raposo (Nigrán Decide): Respectan a autonomía do Alcalde para decidir como quere organizar o seu goberno, pero esixiranlle que cumpra coas súas obrigas como se tivese dedicación exclusiva. Alégranse de que asuma o código ético de Nigrán Decide. Salvo que se equivoque, estiman que con esta se está producindo un aforro duns 14.000 euros anuais. Pensan que o importe das asistencias ás Comisións Informativas e á Xunta de Goberno Local debería equipararse. Respectan tamén as previsións relativas ao persoal de confianza, ainda que lles chama a atención o tema do posto de responsable de comunicación, entendendo que sería mais oportuno dedicalo ao apoio das Concellerías. Basicamente están de acordo coa proposta.

D. Antonio Fernández Comesaña (UCN): A ultima reforma da Lei regula as dedicacións e as retribucións dos Alcaldes. No caso de Nigrán, atendendo á súa poboación, ao Alcalde corresponderíalle unha retribución de 50.000 euros e as dedicacións exclusivas non deben exceder de sete. Neste caso estariamos moi por debaixo do que establece a Lei. Pensa que a dedicación do Alcalde debe estar retribuída, a non ser que queira traballar de forma altruista. As cifras das dedicacións parécenlle razonables. As asistencias a órganos colexiados, salvo na

última lexislatura, en xeral, sempre se deu unha igualdade entre as das Comisións Informativas e as da Xunta de Goberno Local. Dado que so vai haber un representante por grupo en cada Comisión sería razonable fixar en 150 euros a asistencia, e ainda así non suporía ningún incremento global. A contía fixa asignada aos grupos tampouco determina incremento. No que se refire ao posto de comunicación, tamén lles chama a atención. Na anterior lexislatura, antes de corrixirse a situación, podería dicirse que esa tarefa se desempeñaba en fraude de lei. Pensa que a política de comunicación debería ser institucional e non partidista. De cara ao próximo orzamento, ao mellor haberá que revisar isto. No demais están de acordo.

D. Xavier Rodríguez Fernández (BNG): Parécelle un acerto ofrecer unha pequena rebaixa nas dedicacións exclusivas, e non lle gusta a demagogoxía de baixar as retribucións ata a miseria. En relación coas asistencias, na anterior lexislatura criticou a ruptura da igualdade entre as da Xunta de Goberno e as das Comisións Informativas. Tan importante para o funcionamento do Concello é a labor do goberno coma a de control, fiscalización e iniciativa que se pode facer desde a oposición. Preferiría que se igualasen esas asignacións, preferentemente á baixa, pero tampouco se oparía a que se igualasen por arriba. No relativo ás asignacións aos grupos, pensa que no actual contexto é correcto recuperar a proposta inicial da anterior lexislatura. No precedente mandato criticou que un dos postos de persoal eventual se dedicara á comunicación. Non se opón á existencia dun persoal de apoio. O que lle ofrece dúbidas é que o Concello empregue fondos públicos para pagar unha labor de comunicación, sobre todo se esta se dedica a contar os logros do goberno. Por esas pequenas diferenzas, absterase.

Sr. Alcalde-Presidente: A dedicación que vai ter o Alcalde ao Concello será exclusiva. A cuestión é que non cobrará por ela. Cobrará por estar no goberno da Deputación. Como pensa que iso é suficiente para el, pode renunciar a cobrar un salario do Concello. Ese aforro permite ter un equipo que faga que o Concello funcione mellor. No que se refire á persoa responsable de prensa, o PSOE criticou que ese traballo se fixese baixo a denominación de Secretaria do Tenente de Alcalde, e pediu que no orzamento a denominación se axustase ao labor que realizaba. A cuestión foi que non facía comunicación do goberno nin da institución, senón do partido Popular. Se todos están de acordo apoiaría a proposta de UCN de igualar as asistencias a Comisións coas da Xunta de Goberno, senón quedará como está.

D. Alberto Valverde Pérez (PP): Critica ao Alcalde por poñer na palestra e desprezar a unha persoa concreta, que non só se dedicaba a comunicación, senón tamén a organizar actos municipais, e a outras moitas tarefas onde os demais non podían chegar, cobrando 600 euros ao mes por unha dedicación de 24 horas ao día. O que se traducía da postura do actual Alcalde na anterior lexislatura era que ou non quería que se pagase a retribución dese posto ou pretendía que se eliminase. Sobre a dedicación do Alcalde o que lle preocupa, más alá do que digan os papeis, é como vai cumplir a súa obrigación como Alcalde. Pregúntalle se vai deixar de cotizar á Seguridade Social. En caso afirmativo será porque deixa o seu traballo actual. De momento tampouco ten unha dedicación na Deputación e, se chega a tela tamén terá que dedicarlle tanto, senón será unha fraude. Se non ten dedicación ali cobrará as asistencias. E, salvo que siga co seu traballo, non estará cotizando á seguridade social. O fundamental é que quede claro se se vai dedicar en exclusiva ao Concello, sen retribución, vai seguir coa súa actividade privada ou vai cobrar pola súa responsabilidade na Deputación. Aclara que non se baixan as dedicacións, porque estaban en 30.400 euros e agora pasarán dos 31.000. A realidade é que se está aprobando un pequeno incremento de salario. O importante, en calquera caso, é que a xente que asuma esa tarefa estea capacitada; e que



sexa remunerada axeitadamente, tendo en conta as importantes responsabilidades que se asumen.

Sr. Alcalde-Presidente: Insiste en que se vai dedicar ao Concello e pensa que co que vai percibir está suficientemente pagado. As asignacións por asistencias ás Comisións e Xuntas de Goberno mantéñense tal e como están na proposta.

Sr. Secretario: Recorda que hai reparos da Intervención, polo que a votación favorable á proposta leva consigo o levantamento dos mesmos.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 7; PSOE.
- Votos en contra: 6; PP.
- Abstencións: 4; Nigrán Decide, UCN e BNG

Coa maioría sinalada, o Pleno acorda aprobar a proposta da Alcaldía coas correccións propostas polo propio Alcalde no debate, o que comporta o levantamento dos reparos da Intervención, quedando redactado o texto aprobado nos seguintes termos:

A) DETERMINACIÓN E RETRIBUCIÓNNS DE CARGOS CON DEDICACIÓN EXCLUSIVA OU PARCIAL

A.1. Dedicacións exclusivas.

1. Titular da Concellería Delegada de *Facenda, Contratación e Desenvolvemento Local*. Retribución íntegra anual: 31.780 euros.
2. Titular da Concellería Delegada de *Urbanismo, Mobilidade, Medio Ambiente e Persoal*. Retribución íntegra anual: 31.780 euros.
3. Titular da Concellería Delegada de *Vías e Obras, Servizos Urbáns e Seguridade*. Retribución íntegra anual: 31.780 euros.

A.2. Dedicacións parciais.

Non se contemplan.

A.3. Réxime.

As referidas retribucións anuais distribuiranse en catorce mensualidades iguais, doce ordinarias e dúas extraordinarias nos meses de xuño e decembro.

A dedicación exclusiva implica unha dedicación preferente á xestión municipal, con un equivalente de horas anuais ás que dedican os funcionarios do Concello.

Os membros da Corporación con dedicación exclusiva cotizarán á Seguridade Social pola xornada completa.

Estes corporativos terán dereito a percibir as indemnizacións por razón do servizo, pero non percibirán indemnización por asistencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados do Concello de Nigrán.

B) INDEMNIZACIÓN, ASISTENCIAS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN E ASIGNACIÓN AOS GRUPOS

B.1. Indemnizacións.

Aplicarase o réxime previsto no Real Decreto 462/2002 do 24 de maio, e as contías correspondes ao grupo 2.

B.2. Asistencias

Por asistencia efectiva a cada unha das sesións ou reunións deliberantes que celebren os órganos colexiados do Concello, os Concelleiros que non teñan dedicación exclusiva ou parcial, percibirán as seguintes cantidades:

- Plenos do Concello.....250 euros.
- Xunta de Goberno Local...150 euros.
- Comisións Informativas....125 euros.

B.3. Asignación para os grupos políticos.

De acordo co establecido no artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, asignase unha dotación económica aos grupos políticos municipais, que se librará mensualmente, nos seguintes termos e contías:

- Unha parte fixa por importe de 200 euros/mes para cada un dos grupos políticos municipais.
- Unha componente variable, en función do número de membros de cada grupo, por importe de 50 euros/mes por cada concelleiro do respectivo grupo.

Esta asignación non se pode destinar ao aboamento de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación, nin á merca de bens que poidan constituir activos fixos de carácter patrimonial.

Os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica desta dotación, que porán a disposición do Pleno da Corporación sempre que éste o pida.



C) NÚMERO, CARACTERÍSTICAS E RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL EVENTUAL

Os postos de traballo a desempeñar por persoal eventual de confianza serán os seguintes, coas características e retribucións que asimesmo se indican:

1. Secretaría da Alcaldía. Xornada completa. Retribución íntegra anual de 24.000 euros.
2. Responsable do departamento de comunicación. Xornada parcial. Retribución íntegra anual de 12.000 euros.

Estas retribucións distribuiranse en 14 mensualidades iguais, 12 ordinarias e 2 extraordinarias nos meses de xuño e decembro.

VII.- COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DO ALCALDE EN MATERIA DE NOMEAMENTOS DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, TENENTES DE ALCALDE E DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA

Infórmase ao Pleno dos Decretos correspondentes:

A.- MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E TENENCIA DE ALCALDÍA

Decreto da Alcaldía de 15 de xuño de 2015:

COMPOSICIÓN XUNTA DE GOBERNO LOCAL E NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE

Expediente: Organización Municipal

Número: 2015/025S

A Alcaldía, de conformidade coas atribucións que lle outorga o art. 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e concordantes do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais do 28 de novembro de 1986, **RESOLVE**:

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local estará integrada, ademais de polo Alcalde-Presidente, polos/as cinco Concelleiros/as que a continuación se indican:

- D.^a Raquel Giráldez Armas
- D. Rubén Rial Sánchez
- D.^a Ana Pérez Pérez
- D. José Luis Sanromán Román
- D. Alfonso Vázquez Pérez

SEGUNDO.- A Xunta de Goberno Local exercerá as competencias que lle atribúe o art. 23.2 da Lei 7/85, o art. 53 del Regulamento de Organización, e demais disposicións concordantes.

TERCEIRO.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesión constitutiva dentro dos dez días seguintes á data do presente Decreto, de conformidade co disposto no art. 112.1 do citado Regulamento de

Organización.

CUARTO.- Nomear Tenentes de Alcalde coas facultades que lle atribúe o art. 47 do Regulamento de Organización e demais disposicións aplicables, aos seguintes membros da Xunta de Goberno Local:

- D.^a Raquel Giráldez Armas, 1.^a Tenente de Alcalde
- D. Rubén Rial Sánchez, 2.^o Tenente de Alcalde

QUINTO.- Da presente Resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademais, persoalmente os nomeamentos aos designados. Tales nomeamentos publicaranse no boletín oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día da presente resolución, conforme se indica nos arts. 52.4 e 46.1, do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986.

B.- DELEGACIÓNNS DA ALCALDÍA

Decreto da Alcaldía de 15 de xuño de 2015:

Expediente: Organización Municipal

Número: 2015/025S

Esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire o art. 43 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986, **RESOLVE:**

PRIMEIRO: Efectuar as delegacións especiais que a continuación se indican, nos Concelleiros e Concelleiras que se relacionan:

1.1.- Servizo: **FACENDA, CONTRATACIÓN E DESENVOLVEMENTO LOCAL**

1.2.- Concelleira-Delegada: *D.^a Raquel Giráldez Armas*

1.3.- Ámbito e facultades. A delegación comprende, á excepción da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, aquelas outras facultades e deberes que corresponden á Alcaldía, relativos á dirección e xestión interna das dependencias e servizos municipais que se ocupen ou garden relación coas seguintes materias:

- As previstas na lexislación reguladora das Facendas Locais.

- As reguladas na lexislación de contratos das Administracións Públicas, así como as que se refiran ao desenvolvemento local no ámbito das competencias municipais e que non estean asignadas a outras delegacións.

2.1.- Servizo: **URBANISMO, MOBILIDADE, MEDIO AMBIENTE E PERSONAL**

2.2.- Concelleiro-Delegado: *D. Diego García Moreira*

2.3.- Ámbito e facultades. A delegación comprende, á excepción da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, aquellas outras facultades e deberes que corresponden á Alcaldía, relativos á dirección e xestión interna das dependencias e servizos municipais que se ocupen ou garden relación coas seguintes materias:

- Planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística.

- Mobilidade. Transporte e colectivo urbano.

- Protección do medio ambiente e actuacións contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.

- Personal ao servizo do Concello.



3.1.- Servizo: **VÍAS E OBRAS, SERVIZOS URBÁNS E SEGURIDADE**

3.2.- Concelleiro-Delegado: *D. Rubén Rial Sánchez*

3.3.- Ámbito e facultades. A delegación comprende, á excepción da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, aquellas outras facultades e deberes que corresponden á Alcaldía, relativos á dirección e xestión interna das dependencias e servizos municipais que se ocupen ou garden relación coas seguintes materias:

- Infraestrutura viaria de titularidade municipal e outras obras de competencia municipal.
- Abastecemento de auga potable a domicilio, evacuación e tratamento de augas residuais, alumeadoo público.
- Parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos, limpeza viaria.
- Polícia local, protección civil, prevención e extinción de incendios.
- Tráfico.

4.1.- Servizo: **TURISMO, CULTURA, XUVENTUDE E IGUALDADE**

4.2.- Concelleira-Delegada: *D.ª Ana Pérez Pérez*

4.3.- Ámbito e facultades. A delegación comprende, á excepción da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, aquellas outras facultades e deberes que corresponden á Alcaldía, relativos á dirección e xestión interna das dependencias e servizos municipais que se ocupen ou garden relación coas seguintes materias:

- Promoción turística do municipio.
- Promoción da cultura e equipamentos culturais.
- Competencias locais en materia de xuventude e igualdade.
- Ocupación do tempo libre.

5.1.- Servizo: **DEPORTES E EDUCACIÓN.**

5.2.- Concelleiro-Delegado: *D. José Luis Sanromán Román*

5.3.- Ámbito e facultades. A delegación comprende, á excepción da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, aquellas outras facultades e deberes que corresponden á Alcaldía, relativos á dirección e xestión interna das dependencias e servizos municipais que se ocupen ou garden relación coas seguintes materias:

- Promoción do deporte e instalacións deportivas
- Cooperación e relacións coa Administración educativa, no marco das competencias municipais.

6.1.- Servizo: **SANIDADE, RELACIÓN VECIÑAIS E COMERCIO**

6.2.- Concelleiro-Delegado: *D. Alfonso Vázquez Pérez*

6.3.- Ámbito e facultades. A delegación comprende, á excepción da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, aquellas outras facultades e deberes que corresponden á Alcaldía, relativos á dirección e xestión interna das dependencias e servizos municipais que se ocupen ou garden relación coas seguintes materias:

- Protección da salubridade pública.
- Cemiterios e actividades funerarias..
- Relacións coas entidades veciñais e festexos populares
- Competencias municipais en materia de comercio estable e ambulante, feiras, abastos, mercados, lonxas.

SEGUNDO.- Determinar que as presentes delegacións produzan efecto desde o día seguinte ó da data deste Decreto, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da provincia e de dar conta ó Pleno na primeira sesión que celebre.

Intervencións:

D. Alberto Valverde Pérez (PP): Chámalle a atención que a delegación de turismo, cultura, xuventude e igualdade, a pesar do traballo que require, non se lle asigne unha dedicación. Outra cuestión é que na Xunta de Goberno Local non apareza o Concelleiro de Urbanismo, cando a maioría dos asuntos que se tratan son de natureza urbanística. Esperemos que en tres meses non se cambie toda a organización que aquí se aproba.

Sr. Alcalde-Presidente: A organización cambiarase se iso é bo para todos.

D. José Cuevas Raposo (Nigrán Decide): Tamén lles chamou á atención que o Concelleiro de Urbanismo non estivese na Xunta de Goberno, aínda que parece que vai asistir. En tal caso pide que conste así nas actas correspondentes.

Ao non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.